

## DUNHA VARA DE PANO SETE MONTEIRAS

Foi unha vez un paisano onda un xastre e levoulle unha vara de pano para que lle fixera unha monteira, e preguntoulle se chegaría o pano.

—Chega, señor, chega —respondeu o xastre—, chega e aínda sobra.

—Pois logo, se sobra moito, ¿non podería quitar para lle facer outra para o meu fillo?

—Podo, señor, podo, ¡aínda que sexan dúas!

—Pois, se chega para outras dúas amáis da miña, pó-demas facer... ¡Lástima non saíran catro!

—Non, se vostede quere, saír, saen.

—¡Daquela, se cadra aínda daba para cinco!

—¡E máis daba, e para sete tamén!

—Pois fágame logo as sete.

Deixoulle o paño e foise.

Cando as foi buscar, o xastre amostroulle cinco monteiras pequerrechas postas unha en cada dedo da man e outras dúas noutros dous dedos da outra...

O paisano comezou a laiarse e tirar dos pelos, e o xastre díxolle:

—¿Vostede non dixo se o pano daría para cinco monteiras? Eu díxenlle que para sete tamén, e velaquí están as sete monteiras... Vostede non dixo como habían de ser.